



INSTRUCCIÓN PARA O PAGO DA TAXA CORRESPONDENTE ÁS SOLICITUDES DE ACREDITACIÓN NO SISTEMA ACREDITADOR DA FORMACIÓN CONTINUADA DAS PROFESIÓN SANITARIAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

1. Información xeral

A taxa é única e de aplicación a todas as solicitudes de acreditación, independentemente do tipo de actividade, da modalidade ou de se se trata dunha primeira edición ou de reedicións dunha actividade previamente acreditada.

2. Códigos da taxa

- Consellería: *11- Sanidade*
- Delegación: *13- Servizos Centrais*
- Servizo: *20- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde*
- Código da Taxa: *305900*
- Obxecto do pago: Actuacións administrativas encamiñadas a resolver a solicitude de acreditación da actividade "XX" (indicar o título da actividade) que se realizará "YY" (indicar as datas previstas de realización") polo Sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Importe: 119,77 euros

3. Autoliquidación da taxa

- **Telemática:** deberá acceder á [Oficina Virtual de la Agencia Tributaria de Galicia](#), apartado de *Empresas e Profesionais > Pago de taxas e prezos > Iniciar Taxa*, introducir os datos da taxa indicados no punto anterior e efectuar o pago da mesma (cargo en conta ou tarxeta bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.
- **Presencial:** deberá descargar o [modelo](#) de autoliquidación de taxas, cumprimentalo e efectuar o pago nunha entidade financeira colaboradora (Abanca, Banco Sabadell, Banco Santander, BBVA, Caixa Rural Galega, Caixa Bank, Caixa Rural Zamora, Correos, Evo Banco, Ibercaja).

4. Envío do comprobante

Deberá anexar o resgardo/xustificante do pago de taxas no momento de enviar a solicitude de acreditación a través da aplicación SAGA, de non facelo a plataforma non lle permitirá finalizar o trámite.



5. Exención de pago

Será de aplicación a exención do pago da taxa segundo o establecido no artigo 23, apartado 7 da *Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Para resolver calquera dúbida ao respecto ou solicitar información adicional pode contactar a través dos seguintes medios:

- teléfono: 881 541 819 / 881 548 672
- correo electrónico: secdocp.docencia.promotores@sergas.es

Santiago de Compostela, na data da firma dixital

Cristina Pérez Feás

Secretaria técnica

Sistema Acreditador de Formación Continuada de las Profesiones Sanitarias de Galicia